



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio  
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277  
[www.concellodepoio.es](http://www.concellodepoio.es)

**CONCELLO DE POIO**  
(Pontevedra)

**Secretaría**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS DEZAOITO, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE**

Na Casa do Concello de Poio, ás trece horas do trece de xuño de dous mil quince, dando cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/12985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral e artigos 36 e 37 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os Srs. Concelleiros Electos nas Eleccións Locais realizadas o día vinte e catro de maio de dous mil quince, sendo os que seguen: **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**: D. Luciano Sobral Fernández, D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro e D. Xosé Anxo Lodeiro Cancela **PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL**: D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luis Agís Gómez e D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González **PARTIDO POPULAR**: D. Ángel Moldes Martínez, D. Marcial García Freijeiro, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Cándido Muíños Balea, D<sup>a</sup>. Natividad Torres Balea, D<sup>a</sup>. Rocío Cochón Castro e D. Manuel Domínguez Álvarez; asistidos pola Secretaria Xeral, D. Paula E. Ramos Díaz, o que fai constar que por todos os concelleiros electos cumprimentáronse os requisitos que preceptúan os artigos 7, 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entregándose na Secretaría do Concello as credenciais e as declaracións de intereses e incompatibilidades, como trámite previo legal para este acto.

4112.- CONSTITUCIÓN DO CONCELLO E ELECCIÓN DE ALCALDE. FORMACIÓN DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A PROCLAMACIÓN DE ALCALDE.- Seguidamente procédese a formar a mesa de idade entre os asistentes, que quedou constituída por D. Juan José Rodríguez Grandal, concelleiro de maior idade que que pasa a presidila e polo de menor idade D. Ángel Moldes Martínez, e actuando como Secretario da mesma a que é Secretaria da propia Corporación.

Toma a palabra a secretaria para dar lectura ao contido da acta de proclamación oficial de candidatos electos estendida pola Xunta Electoral de Zona de Pontevedra con data 29 de maio de 2015.

A continuación a mesa de idade, procedeu a comprobar a personalidade dos electos, con base ás credenciais presentadas e a certificación recibida da Xunta Electoral de Zona, e á toma de posesión dos concelleiros/as electos e comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da antedita Lei Orgánica e 37.4 do devandito Regulamento, polo mesa declárase constituída a Corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa por cada un dos/as Srs/as. Concelleiros/as asistentes, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei Orgánica Electoral.

De seguido e de acordo co que dispón o artigo 106 da repetida Lei Orgánica, proclamáronse

os candidatos para a elección de Alcalde, sendo os 3 primeiros da lista que obtiveron representación nestas eleccións locais e que son os seguintes: D. Luciano Sobral Fernández, D. Ángel Moldes Martínez, e D<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores.

ELECCIÓN DO ALCALDE.- Para elo utilízase o sistema de votación secreta mediante sobre no que debe figurar a papeleta dun dos tres posibles candidatos/as. Mediante chamamento efectuado polo Presidente da Mesa, fóronse depositando na urna disposta ao efecto, procedéndose a continuación ao cómputo dos votos obtidos, que foron os que seguen: D. LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ: 9 votos, D. ÁNGEL MOLDES MARTÍNEZ:7 votos e D<sup>a</sup>. CONSUELO BESADA LORES: 0 votos. Contabilízase un voto nulo por ter incluído o nome de dous candidatos, D. Luciano Sobral Fernández e D<sup>a</sup> María Consuelo Besada Lores.

E como queira que D. Luciano Sobral Fernández obtivo a maioría absoluta, resultou elixido Alcalde deste municipio, prestando promesa e tomando posesión do seu cargo neste mesmo acto, entregándolle o bastón de mando o Presidente da Mesa D. Juan José Rodríguez Grandal , pasando o novo Alcalde a ocupar o seu posto na Presidencia.

A continuación toma a palabra D. Luciano Sobral Fernández quen agradece a todos/as presentes por compartir coa nova corporación este momento tan importante, así como envía un caluroso saúdo aos novos concelleiros/as así como aos saíntes que se atopan entre o público asistente.

Cede a continuación a palabra aos outros candidatos. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores dá os bos días a todos e dá as grazas a todos/as aqueles que deron a súa confianza ao seu grupo político nas pasadas eleccións, pasando de contar de dous a tres concelleiros quen desenvolverán o seu traballo con total honestidade, non sabe se dentro ou fóra do equipo de goberno pero dende onde estean o farán guiados polos principios de igualdade, liberdade e solidariedade.

É a terceira ocasión que presta o seu apoio a D. Luciano Sobral Fernández por canto é o candidato máis votado polos electores. Poio dando o seu voto a tres concelleiros do PSOE e sete do BNG, suma maioría de esquerdas. Da a benvida aos novos/as concelleiros/as e desexa para todos/as, un mandato en harmonía.

A continuación toma a palabra D. Ángel Moldes Martínez, que resalta que de forma común todos/as os novos concelleiros/as, traballarán polo interese de Poio. Isto é o fundamental. Felicita a D. Luciano Sobral Fernández polo seu voto e da as grazas aos electores que depositaron a súa confianza nos sete concelleiros/as do Partido Popular. Resalta que tal e como fixaba no seu programa electoral, nestes vindeiros catro anos, loitará pola depuradora, e as beirarrúas na PO-308 e en Campelo, pechando o seu discurso dando novamente as grazas a todos os veciños/as de Poio que contaron con eles nas pasadas eleccións.

Pecha a ronda de discursos novamente o Sr. Alcalde. En primeiro lugar da a benvida aos tres novos concelleiros/as e novamente a grazas polo seu traballo a D<sup>a</sup> Alicia Martínez González, D<sup>a</sup> Celeste Nieto García e a D. Alberto Villaverde Méndez. Da igualmente as grazas ao os membros do PSOE polo seu apoio. Sinala que ese sobre con dúas papeletas pode ser un símbolo do novo



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio  
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277  
[www.concellodepoio.es](http://www.concellodepoio.es)

## **CONCELLO DE POIO**

**(Pontevedra)**

gobierno compartido, transformador, creador de futuro. Se non pode ser, farao igualmente. Recoñece ter baixado en votos, mais destaca que dende o ano 1995 existe unha maioría social que vota ao BNG e ao PSOE. Mais a corporación é un todo polo que a oposición debe participar, aportar, impulsar. Fai da mesma forma seus os retos que se marcou o Partido Popular, depuradora e beirarrúas.

Traballará por un concello que siga a ilusionar, aberto, transparente, onde o cidadá se sinta protagonista, creador.

O bastón é un símbolo a veces mal empregado, máis para el é o signo da liberdade e por isto é para todos.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO Ó PATRIMONIO MUNICIPAL.- Obra no expediente formado ao efecto acta de arqueo extraordinario con referencia ao 13 de xuño de 2015, o que resulta unha existencia na Caixa da Corporación de 1.690,19.- euros e en Bancos de 1.719.416,30.- euros; consta igualmente resumo do último inventario do patrimonio municipal aprobado polo Pleno a 20 de febreiro de 2015 referido ao 31 de decembro de 2014, que ascende a un activo de 11.278.671,34.- euros e un pasivo de 6.899.441,69.- euros, e un patrimonio líquido de 4.379.229,65.- euros; de todo o que queda enterada a Corporación Municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás trece horas e cincuenta e un minutos do trece de xuño de dous mil quince, da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria, dou fe.